

**PROGRAMA PILOTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR
DISTINGUIDO - CONVOCATORIA 2021**

**CRITERIOS APROBADOS POLA COMISIÓN ESPECIALIZADA ANEXO IV –
Comisión especializada de selección de los Centros singulares de
investigación, o día 7 de xullo de 2021**

PRIMEIRA FASE (Máximo 60 puntos)

a.1 Achegas científicas [puntuación 0-35 puntos]

Teranse en conta, sempre e cando as aportacións científicas estean relacionadas cos perfís das prazas, os seguintes aspectos:

a.1.1. [puntuación 0-30 puntos] As publicacións en revistas internacionais recollidas en JCR, primando os artigos orixinais sobre as revisións e, en todo caso, tendo en conta os indicios de calidade en base a criterios obxectivos, como número de citas da publicación, factor de impacto da revista, invitacións a presentar o traballo en foros de excepcional relevancia, ou ben que teñan xerado propiedade intelectual e transferencia, etc. Poderán así mesmo valorarse neste apartado aquelas publicacións derivadas de participación en congresos en base a criterios obxectivos de calidade como os indicadores do CORE Conference Portal. Valoraranse neste apartado, tamén, as aportacións que teñan sido obxecto de transferencia, entendendo por elo a relacionada co traslado de resultados propios da investigación.

A puntuación de cada unha das aportacións estará modulada pola contribución do candidato á mesma, que poderá valorarse a través da posición ocupada polo candidato – dando especial relevancia e puntuación a aquelas nas que o

candidato ocupe posicións de primeiro autor, autor senior, autor responsable de correspondencia – ao número de autores, ou a calquera outro criterio que sexa de aplicación na área de investigación que corresponda.

a.1.2 Capítulos de libros [puntuación 0-2 puntos] Valorarase a edición de libros completos ou a participación en libros académicos de tipo multiautor.

a.1.3 Participación en congresos [puntuación 0-2 puntos] Valorarase especialmente as ponencias unipersoais por invitación. Así mesmo, teranse en conta as presentación do candidato de comunicacións libres (oral/poster) así como en outros foros académicos (hasta 1 punto)

a.1.4 Outros méritos [puntuación 0-1 punto] O resto das contribucións non consideradas nos apartados anteriores.

a.2 Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i [puntuación 0-20 puntos]

a.2.1 Proxectos [puntuación 0-12 puntos] Teranse en conta a participación do candidato en proxectos de investigación, tendo en conta a súa natureza nacional ou internacional. Valorarase especialmente aqueles nos que o candidato teña actuado como Investigador Principal e que fosen obtidos en convocatorias competitivas.

a.2.2 Experiencia postdoutoral [puntuación 0-5 puntos] Obtención de bolsas e contratos postdoutorais, especialmente levado a cabo en países distintos ao de realización da tese de doutoramento. Terase en conta o prestixio do grupo ou institución nas que se levasen a cabo.

a.2.3 Experiencia predoutoral [puntuación 0-2 puntos] Obtención de bolsas e contratos predoutorais

a.2.4 Outros méritos [puntuación 0-1 punto]

a.3 Resto de méritos curriculares [0-5 puntos] Valorarase neste apartado calquera mérito non incluído nos apartados anteriores, como dirección de tesis de doutoramento, TFG, TFM, así como divulgación científica e outros.

Pasarán á segunda fase, como máximo, as tres persoas con mellor puntuación en cada praza.

SEGUNDA FASE (máximo 40 puntos)

-Proxecto de investigación relacionado coa liña para a que se presenta a persoa candidata.

Valorarase o proxecto de investigación relacionado coa liña para a que se presenta a persoa candidata en base aos seguintes criterios:

- Claridade e adecuación do proxecto investigador **[0-20 puntos]**
- Claridade expositiva do proxecto investigador **[0-10 puntos]**
- Capacidade de resposta ás cuestións formuladas no debate **[0-10 puntos]**

A cualificación final do proceso será a suma das puntuacións correspondentes ás dúas fases do concurso



Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)